

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

EXTRACTO da Orde do 26 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico 2021/22, teña dificultades económicas para continuar estudos (código de procedemento ED433A).

BDNS (Identif.): 602730.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

O alumnado que curse estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, no curso académico 2021/22, nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia non competitiva, axudas destinadas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia cunha necesidade urxente de recursos económicos, motivada por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas durante o actual curso académico, que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 130.000 euros.



Para determinar a contía da axuda que se lle concederá a cada solicitante teranse en conta, como criterios de distribución, os seguintes limiares de renda per cápita:

Limiares de renda	Contía da axuda
Ata 5.000 €	3.000 euros
De 5.001 € a 5.700 €	2.500 euros
De 5.701 € a 6.400 €	2.000 euros
De 6.401 € ao importe da pensión non contributiva individual que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, multiplicada por 1,8	1.750 euros

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. Se a causa sobrevida e imprevista aconteceu con anterioridade á publicación desta orde, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Se a causa sobrevida e imprevista acontece con posterioridade á publicación desta orde, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde que aconteceu a causa sobrevida e, nestes casos, a data límite para a presentación das solicitudes será o 31 de xullo de 2022, sen prexuízo do sinalado no artigo 3.2.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2021

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

